


HISTORIA



A castaña en Galicia foi, durante moitos anos, a base da alimentación de moitas aldeas do agro galego; ata que séculos despois chegou á nosa gastronomía a pataca e os cereais, relegándoa a un segundo lugar.

Hoxe en día, inda que a castaña non ten a importancia que tiña, segue a ser o motor económico dalgunhas zonas agrícolas de Galicia e continúa presente nas casas galegas como motivo de reunión familiar ou de amigos a carón do lume.

O Magosto foi, na súa orixe, unha celebración que se realizaba para honrar as colleitas despois do equinoccio, un costume que nestes últimos anos se intenta recuperar.

Por iso, durante as noites do 1 e o 11 de novembro Galicia cheira a castaña asada. Moitos son os fogares que as ofrecen como sobremesa durante esta época e xa como culmen, o 11 de novembro se celebra a súa festa por excelencia: o Magosto.

Á celebración do Magosto non lle falta de nada, os participantes traen castañas furadas e viño da primeira colleita do ano para comer e beber ao carón do fogueira

na que se asarán as castañas. Ao rematar, cantaránse pezas tradicionais e frotaremos as mans con tizóns dos restos da fogueira para pintar a cara dos asistentes.